

Prazos Admisión 2023/2024

A **preinscrición (1.1)**: Realizarase na aplicación [nerta](#) segundo o calendario aprobado pola [CiUG](#)

Os procedementos de admisión por recoñecemento de créditos (1.3.1), para retomar unha titulación trasladada (1.4), de cambio da xestión do expediente (1.6), para cursar unha mención (1.9) e de incorporación a un PCEO (1.10): Solicitaranse na [sede electrónica](#) do 1 ao 30 de xuño, cumprindo os requisitos en dito prazo, e resolveranse de xeito que as persoas solicitantes estean notificadas antes do 31 de xullo.

Cando resulten prazas sen cubrir, e existan solicitudes presentadas en prazo que non foron resoltas favorablemente ao estar pendentes de cualificacións, as persoas afectadas poderán solicitar a revisión da súa situación unha vez completado o expediente. Os centros poderán atendelas e resolvelas antes do 30 de setembro.

Para acceder a un curso ponte (1.7): Solicitarase na [sede electrónica](#) do 1 de xuño ao 15 de xullo:

As listaxes provisionais de admitidos, excluídos e de agarda, publicaranse no taboleiro electrónico como máximo sete días naturais despois de pechado o prazo de presentación de solicitudes. Haberá un prazo de tres días naturais, contados dende o seguinte a esta publicación, para a presentación de reclamacións na sede electrónica.

As listaxes definitivas de admitidos, excluídos e de agarda estarán publicadas como moi tarde o día anterior ao comezo do prazo ordinario de matrícula.

Para os requisitos formativos complementarios (1.8): Solicitarase na [sede electrónica](#) aínda que as datas de presentación dependerán da opción elixida do seguinte xeito:

- Período de prácticas, proxecto ou traballo académico ou técnico e, cursos académicos: do 23 de agosto ao 11 de setembro.
- Proba de aptitude: ao menos 15 días antes da realización da proba.

Para o procedemento de prazas sobrantas (1.11): Solicitarase na [sede electrónica](#) desde a publicación no [taboleiro electrónico](#) da relación de prazas ofertadas. O prazo permanecerá aberto ata o 30 de setembro.

Para o procedemento de admisión por recoñecemento de créditos con estudos estranxeiros (1.3.2): Solicitarase na [sede electrónica](#) nos meses de marzo e abril.

O prazo de cara ao curso académico 2024/2025 será os meses de marzo e abril de 2024. En todo caso, en previsión de que non se cubran as prazas do apartado 1.3.1, é dicir, para quen proveña de estudos universitarios oficiais españois, os centros poderán ter en conta solicitudes de estudantes de sistemas educativos estranxeiros no mes de xuño.

A realización dunha adaptación de plan de estudos (1.5): Solicitarase na [sede electrónica](#) en calquera momento aínda que, quen desexe matricularse no prazo ordinario de matrícula para cada curso académico realizará o trámite non mais tarde do 30 de setembro.